



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PREMIOS UDC SUSTENTABILIDADE

TRABALLOS TFG E TFM

3^a EDICIÓN ANO 2020

Resolución 5 xuño 2021
Día Mundial do Medio Ambiente

RESUMOS TRABALLOS PREMIADOS

Modalidade traballos fin de grao (TFG)

I Premio:

Nome: Miguel Carballa Fernández

Título: Contribución á conservación de bolboretas mediante un programa de seguimento (BMS) no Campus de Elviña

Grao/Centro: Grao en Bioloxía / Facultade de Ciencias

Área: Ciencias

Titora: Marta Vila Taboada

Os programas de seguimento de poboacións de flora e fauna son ferramentas moi útiles para a conservación e a comprensión de problemas ecolóxicos globais. O autor presentou un traballo certificado como actividade de Aprendizaxe e Servizo, como parte do programa de seguimento de bolboretas estatal (BMS-España). Para iso, realizou o seguimento das bolboretas nun transecto do Campus de Elviña da UDC, unha achega a conservación e mellora da biodiversidade no campus universitario. O traballo tamén incluíu a identificación a nivel de especie de tres exemplares do xénero *Hipparchia* procedentes do Parque Nacional das Illas Atlánticas, como servizo para BMS-España. Isto requiriu a disección e observación da xenitalia masculina, confirmando a identificación

morfolóxica como *Hipparchia hermione* (Linnaeus 1764) mediante a secuenciación do fragmento *barcoding* do xene mitocondrial citocromo c oxidasa I. Os tres individuos presentaron a mesma secuencia, que foi rexistrada como nova na base de datos Genbank.

II Premio:

Nome: Cristina Videla Crespo

Título: Análise de programas educativos promotores de hábitos saudables e sostibles: escolas que educan no presente para o futuro

Grao/Centro: Grao en Educación Primaria / Facultade de Ciencias da Educación

Área: Ciencias sociais e xurídicas

Titor: Raúl Fragueta Vale

Cada vez é maior a tendencia entre a xuventude e estudantes a consumir alimentos hipercalóricos e de fabricación industrial no recreo, unha práctica escasa de actividade física semanal e un uso dominante de medios de transporte pasivos, algo que caracteriza hábitos de vida prexudiciais tanto para a saúde como para o ambiente. Durante a etapa educativa hai un gran desenvolvemento da personalidade no alumnado, polo que é o momento ideal para adquirir hábitos de vida saudables e sostibles que perduren na vida adulta. No seu traballo, a autora presentou e valorou algúns dos programas educativos máis relevantes no campo da saúde e a sustentabilidade dispoñibles para implantar nos centros educativos galegos. As conclusións do traballo salientaron o interese dos programas de desprazamento activo á escola ANCAS de STOP Accidentes e o proxecto europeo STARS (con versións como “colecamiños”), ao tempo que se observou unha aplicación máis superficial e carente de planificación dos programas do "Plan Proxecta" ofrecidos pola Xunta de Galicia na maioría dos centros educativos.

Accesits:

Nome: Eva María Doce Uzal

Título: Vivendas modulares para situacións de catástrofe

Grao/Centro: Grao en Estudos de Arquitectura / Escola Técnica Superior de Arquitectura

Área: Enxeñaría e arquitectura

Titor: Juan Bautista Pérez Valcárcel

O aumento global das catástrofes no planeta e das súas consecuencias cada vez máis destrutivas é un feito, mentres carecemos de protocolos e pautas de actuación para o aloxamento post-catástrofe que nos deixan inevitablemente en mans da improvisación.

Cando gran parte da comunidade perde o seu fogar é necesaria a provisión de aloxamentos temporais de inmediato. Necesitamos anticiparnos ao problema para poder aportar solucións axeitadas de asentamentos e vivendas. A autora investigou a problemática do aloxamento post-emerxencia e analizou diversos casos de actuación. O obxectivo foi a busca de pautas de deseño de asentamentos e vivendas modulares para situacións de catástrofe en Europa. Reclama o compromiso da arquitectura coa sociedade cando esta máis o require.

Nome: Cintia González Tizón

Título: As cunchas de mexillón como residuo: unha mirada dende o eido da Educación Ambiental

Grao/Centro: Grao en Educación Social / Facultade de Ciencias da Educación

Área: Ciencias sociais e xurídicas

Titira: Araceli Serantes Pazos

O cultivo do mexillón é a maior produción de acuicultura de España e unha das máis importantes de Europa. Galicia é a segunda produtora mundial, xerando un residuo de cuncha de mexillón de unhas 90.000 toneladas anuais. Investigouse a problemática ambiental que xeran as cunchas de mexillón en Galicia, as saídas actuais deste subproduto e a potencialidade do seu uso na construción. Considérase a educación ambiental como ferramenta multidisciplinar para promover o coñecemento, a concienciación e a responsabilidade ecolóxica na sociedade, incorporando nas accións unha visión de cambio, desenvolvemento e conservación do medio ambiente máis próximo. Proponse a unión da comunidade como parte activa do proceso de cambio para reducir e valorizar as cunchas de mexillón, e como primeiro paso, a realización dun proxecto de Aprendizaxe e Servizo na UDC.

Modalidade traballos fin de mestrado (TFM)

I Premio:

Nome: Miguel Reguera Seoane

Título: Enfoques sustentables para un Centro Escolar Infantil en Feáns

Mestrado/Centro: Mestrado Universitario en Arquitectura / Escola Técnica Superior de Arquitectura

Área: Enxeñaría e Arquitectura

Titores: Francisco José Vidal Pérez, Jorge Aragón Fitera

Trátase dun proxecto de arquitectura que amosa a aplicación de estratexias cualitativas de sustentabilidade na ideación e a definición construtiva dunha escola infantil,

ofrecendo unha explicación directa e argumentada das decisións tomadas. Integra a solución aos problemas e as oportunidades do lugar (Feáns) co programa educativo do centro, resaltando a capacidade que teñen os espazos para educar e transmitir valores sociais que acompañarán toda a vida dos nenos e nenas. Así, buscou a sustentabilidade na relación do deseño cos seus destinatarios, co medio e coa comunidade de Feáns no seu conxunto. E tamén tivo en conta as técnicas aplicables para diminuír o consumo de recursos ou para poñer en valor o papel da vexetación e da auga da chuvia.

II Premio:

Nome: María Orellana Cañás

Título: Corporate law and sustainability. A new approach to fiduciary duties aimed towards environmental protection

Mestrado/Centro: Mestrado en Asesoramento xurídico empresarial (UDC) e Master of laws in corporate law and finance (Widener university) / Facultade de Dereito

Área: Ciencias sociais e xurídicas

Titor: Francisco Javier Sanz Larruga

As empresas son un dos actores mundiais máis relevantes que contribúen á degradación do ambiente. Así, este traballo explorou a posibilidade de empregar o dereito corporativo, en particular dos deberes fiduciarios, para unha mellor sustentabilidade empresarial e, como resultado, a protección ambiental. A investigación propón modificacións nas regulacións dos deberes fiduciarios -baixo xurisdicións de dereito civil (caso español) e de dereito común (caso Delaware)- que condicionen a toma de decisións polo empresariado, ao integrar os asuntos ambientais e de sustentabilidade. Abórdase así o popular tema da sustentabilidade corporativa a través dun enfoque innovador que supere as ineficacias do marco legal actual.

Accesits:

Nome: Santiago García López

Título: O mercado europeo de dereitos de emisión e os sectores difusos. Análise dos factores determinantes das emisións do sector agrícola e gandeiro español.

Mestrado/Centro: Máster Interuniversitario en Economía / Facultade de Economía e Empresa

Área: Ciencias sociais e xurídicas

Titora: María Carmen Gago Cortés

A loita contra o cambio climático é o principal desafío ao que se enfrontan os gobernos de todo o mundo en materia ambiental. O traballo analizou primeiro o mecanismo

europeo de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, desde os seus antecedentes históricos e desenvolvemento até os resultados nas diferentes fases de aplicación. A continuación, dentro dos denominados sectores difusos, a investigación centrouse no comportamento do sector agrícola e gandeiro en España. O modelo econométrico elaborado identificou como principais factores determinantes das emisións os seguintes: valor engadido bruto do sector, ocupación laboral, e cantidade de fertilizante mineral empregada.

Nome: Marcela Estefanía Colpari Carrizo

Título: PrisArt: Panel sostenible para fachada

Mestrado/Centro: Máster Universitario en Edificación Sostenible / Escola Técnica Superior de Arquitectura

Área: Enxeñaría e Arquitectura

Titor: Rubén Fernández Prado

PRISART xorde como resposta á preocupación relacionada cos problemas que estamos a afrontar actualmente debido ao cambio climático e á crise enerxética, causados en parte polo sector da construción. **PRISART** é un elemento construtivo innovador e sostible para fachadas de edificios que trata as condicións ambientais ao seu favor para xerar e aproveitar recursos como o sol, a auga e a vexetación. Descríbese a concepción dun prototipo modular para fachada ventilada co foco principal na sustentabilidade e con variantes en estética ou no uso interior como illamento acústico. O proxecto arquitectónico incorpora sinxeleza, estratexia e sustentabilidade ao multifacético concepto **PRISART**.



Cada traballo premiado, así como dous accésits, recibirán un diploma acreditativo e publicación nunha colección da UDC

ESTATÍSTICA XERAL CANDIDATURAS PREMIOS TFG E TFG 2020

Por áreas de coñecemento

Área	TFG	TFM	Total
<i>Enxeñaría e arquitectura</i>	5	2	7
<i>Ciencias</i>	1	1	2
<i>Ciencias sociais e xurídicas</i>	5	2	7
<i>Arte e Humanidades</i>	0	0	0
<i>Ciencias da saúde</i>	0	0	0
<i>Total</i>	11	5	16

Por Campus:

Campus	TFG	TFM	Total
<i>Coruña</i>	9	5	14
<i>Ferrol</i>	2	0	2
<i>Total</i>	11	5	16

Por centro:

Centro	TFG	TFM	Total
<i>Facultade de Filoloxía</i>	1		1
<i>Facultade de Economía e Empresa</i>	1	1	2
<i>Facultade de Ciencias da Educación</i>	2		2
<i>Escola Técnica Superior de Arquitectura</i>	2	2	4
<i>Escola Politécnica Superior</i>	2		2
<i>Facultade de Ciencias</i>	1	1	2
<i>Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños Canais e Portos</i>	2		2
<i>Facultade de Dereito</i>		1	1
<i>Total</i>	11	5	16

Idiomas: 12 en galego, 3 en español, 1 en inglés.

Xénero, Home/Muller: TFG 3/7, TFM 2/4, Total: 6 homes e 10 mulleres

Títulos presentados ano 2020:

TFG

Turismo sostible: realidade ou ficción? Estudo do caso da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Transición enerxética na Unión Europea

As cunchas de mexillón como residuo: unha mirada dende o eido da Educación Ambiental

Análise de programas educativos promotores de hábitos saudables e sostibles: escolas que educan no presente para o futuro

Vivendas modulares para situacións de catástrofe

Depósito e rede de augas rexeneradas en A Coruña

Creación de un modelo de simulación de robot móvil para conducción autónoma

Diseño de parque eólico en el municipio de Valdoviño

Contribución á conservación de bolboretas mediante un programa de seguimnto (BMS) no Campus de Elviña

Diálogo con el pasado industrial: Nave 16 e Intermediae en el Matadero de Madrid. Estrategias de intervención en rehabilitación de edificios con valor patrimonial.

Participación, xénero e cidade: El Despachito, análise dun proceso de auto-construción.

TFM

Modelización do crecemento na especie clonal invasora *Carpobrotus* sp.: unha proposta de control

PrisArt: Panel sostenible para fachada

Corporate law and sustainability. A new approach to fiduciary duties aimed towards environmental protection

Enfoques sustentables para un Centro Escolar Infantil en Feáns

O mercado europeo de dereitos de emisión e os sectores difusos. Análise dos factores determinantes das emisións do sector agrícola e gandeiro español.



I Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado

Ano 2018

Cita bibliográfica

Oficina de Medio Ambiente. 2020. I premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2018, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

ISBN: 978-84-9749-783-1. DOI:

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497831>



II Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado

Ano 2019

Cita bibliográfica

Oficina de Medio Ambiente. 2020. II premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2019, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións.

ISBN: 978-84-9749-800-5. DOI:

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498005>

PREMIOS UDC SUSTENTABILIDADE

TRABALLOS TFG E TFM



3ª EDICIÓN AÑO 2020